

NOME.-**GRUPO.-****1.Copia e analiza todos os pronomes persoais que hai no seguinte texto:(1 punto)**

Aquela muller percibiu que a fitaba e apartou a ollada da pantalla para mirala, provocándolle un repentino calafrío. Desviou axiña a mirada daquel rostro baleiro e paseouna pola cotidianidade vulgar do despacho para tranquilizarse, cara ao despacho de Xacobe. Alí estaba el, sentado no seu despacho; vía a través dun vidro con persianas semicerradas que lle permitían ver desde dentro cara a fóra, de maneira que tiña que saber perfectamente que ela estaba alí agardando.

Suso de Toro: *Trece badaladas*, Edicións Xerais.

**2.Substitúe os CD e CI polos pronomes átonos e fai as contraccións necesarias:
(0,5)**

- Non vou contar a ninguén o que ocorreu aquí esta tarde.
- O adestrador díxonos que xogabamos moi ben.
- Non tiven máis remedio que recoñecer ao meu rival o seu triunfo.
- O presidente da federación entregou a copa aos gañadores.
- Meu pai preparou unha comida riquísima.

3. Elixte te ou che para encher os ocos; ten coidado coa acentuación:(0,5)

- Dixo... que non ... moveses.
- Levou... o libro de agasalho.
- Levou... no seu coche a dar un paseo.
- Peiteou... o cabelo co cepillo.
- Poño... na lista de invitados.

4.-Cambia os verbos destacados pola persoa que se indica en cada caso:(0,5)

- Eu durmo coma un leirón. (Ti)
- Nunca esquezo o día do seu santo. (Ti)
- Cando queiras sirvo a comida. (Ti)
- El tose porque está moi acatarrado. (Eu)

5.Conxuga os seguintes verbos:(0,5)

- a) copretérito de partir:
- b) pospretérito de ler:

6. Le e comenta o seguinte poema de Follas novas:(1 punto)

Este vaise i aquel vaise
e todos, todos se van.
Galicia, sen homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non téñen pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

- a) Enuncia o tema.
- b) Quen é a voz poética? A quen se dirixe?
- c) A que parte de Follas novas cres que pode pertencer este poema? Razoa a resposta.

7. pon os tiles que faltan (0,5)

- Cando estou so na casa gozo dunha paz imposible se estades vos.
- Esculpiu unha pomba coas as abertas e no bico unha pola de oliveira.
- Vos estudastes mais co lacazan de Luis.
- Ves ese paxaro de as escuras? E un merlo.
- Se queres ves e asi ves quen ven a actuacion.

8. Indica o lexema e morfemas das seguintes palabras. Di se son derivadas, simples compostas ou parasintéticas(0,5)

paisana, actriz, sogros, hoteis, embarcación

9. Puntúa o seguinte texto:(0,5)

Manuel debes escoitar aos outros ou queres quedar sen amigos Cando Xavier che dixo «Non podo máis» ti estabas aos biosbardos Que pena me deu E ti chamáchelo despois Seguro que non nunca tes temp

10 texto (1 punto)

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou sufi ciente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas. As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003

Indica o tipo de texto e razoa a resposta.

Que idea defende a autora?

Define bilinguismo e diglosia.

11. Completa o enunciado segundo se che indica entre parénteses:(0,5)

-A serra do Eixo é..... alta de Galicia (SUPERLATIVO RELATIVO)

-Aínda.....túzaro..... pai. (COMPARATIVO DE SUPERIORIDADE)

-Hoxe o peixe vai..... caro..... onte (COMPARATIVO DE INFERIORIDADE)

-A masaxe non foi..... relaxante..... dixeron (COMPARATIVO DE IGUALDADE)

12.- Indica o valor ou significado dos posesivos e demostrativos nas seguintes oracións:(0,5)

teñen piso de seu.

É intelixente de seu.

Trouxeron cadanseu bocadillo para merendar.

Non me interesa a pintura, daquela non vou ao museo.

13.- Corrixe os erros(1 punto)

-Prefire ir cas amigas a praia que ca nai e co pai.

- Cál e sua sogra? U-la? é esta?

-A veces faino as carreiras porque é mais axil que min.

-O naranxeiro é un árbol frutal.

-As élites sociais desos países soen ter chófer.

Literatura(1,5)

Autores e intérpretes da lírica medieval galegoportuguesa

Quen son os Precusores?Cita os autores máis importantes e unha obra de cada un.